

INFORME 8 DE MARZO 2026
SITUACIÓN DA MULLER NO EIDO
LABORAL EN GALICIA



CONTIDO

INTRODUCCIÓN 2

POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS 3

OCUPACIÓN E EMPREGO 7

A SEGREGACIÓN OCUPACIONAL 8

FORMACIÓN E OCUPACIÓN 18

A REFORMA LABORAL RACHA CA INESTABILIDADE NO EMPREGO 19

OCUPACIÓN SEGUNDO XORNADA 21

DESEMPREGO 23

INACTIVIDADE 25

COIDADOS FAMILIARES E CORRESPONSABILIDADE 26

BRECHA SALARIAL 29

ACOSO SEXUAL E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO 31

RESUMO E CONCLUSIÓN 32

INTRODUCCIÓN

A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras de Galicia expresa a súa vontade firme de traballar para facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e avanzar cara a unha sociedade máis xusta, inclusiva e solidaria.

A consecución dunha igualdade real entre mulleres e homes constitúe un obxectivo esencial e un principio ao que non se pode renunciar.

A igualdade, ademais de ser un dereito básico e unha cuestión de xustiza social, é tamén unha esixencia para o progreso da sociedade e da economía. Resulta clave para garantir a competitividade das empresas, xa que un modelo baseado na calidade dos produtos e dos servizos só é posible cando existe unha igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito laboral.

Como cada ano, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller, UGT Galicia elabora unha análise detallada da situación das mulleres no emprego. Como se comprobará os datos e as cifras resultan determinantes para comprender ata que punto se avanzou —ou non— na igualdade entre mulleres e homes.

POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

O mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables

Poboación de 16 e máis anos por sexo en relación coa actividade económica. Galicia.

	Ano 2025			Diferenza	% Mulleres
	Total	Homes	Mulleres	Mulleres s/ Homes	
Total	2.385.300	1.138.300	1.247.000	108.700	52,3%
Poboación activa	1.277.100	644.500	632.600	-11.900	49,5%
Poboación ocupada	1.170.500	593.100	577.400	-15.700	49,3%
Poboación parada	106.600	51.500	55.200	3.700	51,7%
Poboación inactiva	1.108.100	493.700	614.400	120.700	55,4%

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA Instituto Galego de Estatística, IGE. Datos 2025

A pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo seguen persistindo fortes diferenzas por xénero. No ano 2025 aínda que hai 1.247.000 mulleres de 16 e máis anos fronte a 1.138.300 homes (108.700 mulleres máis), é superior a poboación activa masculina (644.500 homes) que a feminina (632.600) polo que hai 12.000 mulleres activas menos (cando nos referimos a poboación activa estamos a falar daquela poboación que ou ben está traballando, poboación ocupada, ou ben está en busca de emprego, é dicir, poboación parada). A poboación activa mide a incorporación ao mercado de traballo.

En canto á poboación ocupada obsérvase como tamén existen grandes diferenzas por sexos, xa que hai 15.700 homes ocupados máis que mulleres ocupadas.

Se analizamos o número de persoas que se atopan en situación de desemprego hai 3.700 homes menos. E tamén no referente á poboación inactiva (que nin traballa nin está buscando un traballo) as diferenzas volven a constatare, prexudicando de novo ás mulleres, con 120.700 inactivas máis.

Se realizamos unha análise segundo taxa de actividade, ocupación e paro, onde existe unha taxa superior das mulleres é no desemprego, 0,7 puntos superior á masculina. Pero cunha boa tendencia no diferencial, menor brecha ao longo do período 2020-2025.

Taxas de actividade, emprego e paro por sexos. Galicia

	2025			
	Total	Homes	Mulleres	Diferenza M/H
Taxa de actividade	53,5	56,6	50,7	-5,9
Taxa de ocupación	49,1	52,1	46,3	-5,8
Taxa de paro	8,3	8,0	8,7	0,7

		Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
2020	Homes	57,1	50,9	10,9
	Mulleres	47,7	41,4	13,2
	Diferenza M/H	-9,4	-9,5	2,3
2021	Homes	57,1	51	10,6
	Mulleres	48,3	42,1	12,8
	Diferenza M/H	-8,8	-8,9	2,2
2022	Homes	57	51,3	10,1
	Mulleres	49,2	43,3	12
	Diferenza M/H	-7,8	-8	1,9
2023	Homes	57,2	52,1	8,9
	Mulleres	49,5	44,3	10,6
	Diferenza M/H	-7,7	-7,9	1,7
2024	Homes	57,4	52,3	8,8
	Mulleres	49,4	44,5	10
	Diferenza M/H	-7,9	-7,8	1,2

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2020 - 2025

No ano 2025, a taxa de paro feminino sitúase sete décimas por debaixo da masculina, o que supón unha redución significativa da fenda existente entre ambos sexos. Este dato confirma a tendencia descendente que se vén observando nos últimos anos, xa que no ano precedente a diferenza era de 1,2 puntos porcentuais.

Se se analiza a evolución desde 2018, pódese apreciar con claridade este proceso de converxencia: nese ano a distancia acadaba os 2 puntos, aumentando lixeiramente ata os 2,1 en 2019 e chegando ao seu máximo recente en 2020, con 2,3 puntos. A partir dese momento iniciouse unha diminución progresiva da brecha, pasando a 2,2 puntos en 2021, 1,9 en 2022 e 1,7 en 2023, ata alcanzar a situación actual.

En conxunto, estes datos reflicten unha mellora sostida na posición das mulleres no mercado laboral, así como unha aproximación cada vez maior ás taxas de desemprego masculinas, evidenciando un escenario de maior equilibrio en termos de emprego. Non obstante, aínda se constatan determinadas dificultades estruturais no acceso e permanencia no mercado laboral por parte das mulleres, que continúan enfrontándose a situacións de maior precariedade, temporalidade ou segregación ocupacional.

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (en diante, EPA) do ano 2025 (media anual) do Instituto Galego de Estatística, a poboación activa feminina é inferior á masculina en case 12.000 persoas.

Definición de Poboación Activa na EPA *“Son as persoas que, nun período de referencia dado, fornecen man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á devandita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que satisfagan as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas”.*

Poboación activa

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza
2019	1.241.100	643.000	598.000	-45.000
2020	1.220.900	638.500	582.400	-56.100
2021	1.228.200	639.000	589.200	-49.800
2022	1.240.400	638.900	601.500	-37.400
2023	1.251.000	643.300	607.700	-35.600
2024	1.262.300	648.600	613.700	-34.900
2025	1.277.100	644.500	632.600	-11.900

Taxa de actividade

	Total	Homes	Mulleres
2019	53,1	57,6	49,1
2020	52,2	57,1	47,7
2021	52,5	57,1	48,3
2022	52,9	57,0	49,2
2023	53,2	57,2	49,5
2024	53,2	57,4	49,4
2025	53,5	56,6	50,7

Definición de Taxa de actividade na EPA: “Porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (poboación de 16 ou máis anos)”.

DIFERENZA M/H NA ACTIVIDADE ANO 2025

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación activa	1.277.100	644.500	632.600	-11.900
Taxa de actividade	53,5	56,6	50,7	-5,9

Fonte: Elaboración propia UGT – Galicia a partir de datos IGE. Enquisa de poboación activa

TAXAS DE ACTIVIDADE FEMININA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Total Nacional	52,2	53,7	53,8	54,4	53,9	54,4
Andalucía	48,6	50,9	51,0	52,1	51,0	51,7
Aragón	53,0	54,0	54,2	54,5	53,8	53,8
Asturias	46,2	46,5	45,4	47,7	47,7	48,6
Baleares	56,9	59,1	59,3	59,7	59,7	59,8
Canarias	53,1	54,7	54,8	55,2	55,5	56,1
Cantabria	48,8	50,6	49,7	50,7	50,9	51,0
Castela e León	48,4	49,1	50,7	49,8	49,8	49,7
Castela – A Mancha	49,9	52,4	52,2	52,8	51,9	52,5
Cataluña	55,8	57,3	56,7	57,5	56,5	57,3
Comunidade Valenciana	51,4	52,7	53,6	54,3	53,9	53,6
Extremadura	49,0	49,2	49,7	50,5	49,4	50,6
Galicia	47,7	48,3	49,2	49,5	49,5	50,7
Madrid	58,1	59,6	59,2	59,4	59,1	59,4
Murcia	51,4	53,0	53,5	53,5	53,9	53,0
Navarra	52,0	54,8	54,6	54,9	55,1	54,3
País Vasco	51,4	52,4	52,0	52,7	52,1	52,7
Rioxa, A	53,4	55,4	55,1	54,7	53,0	55,4

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do período 2020-2025 da Enquisa de Poboación Activa- INE

Se comparamos a taxa de actividade feminina galega ca da media estatal, compróbase no ano 2025 un diferencial de 3,7 puntos porcentuais a favor do Estado.

Con respecto ás restantes comunidades autónomas constátase que Galicia dista considerablemente das taxas de actividade doutros contextos, sendo tan só en Asturias, Castela e León e Estremadura inferior á galega. O maior diferencial atópase respecto de Baleares e Madrid, cunhas taxas de actividade de 59,8% e 59,4%, respectivamente, fronte ao 50,7% en Galicia.

É necesario que se adopten medidas para favorecer o crecemento da taxa de actividade das mulleres e a eliminación da brecha de xénero cos homes, seguindo as recomendacións da Unión Europea e de todos os Organismos Internacionais, que ven no emprego das mulleres a oportunidade para o crecemento económico, eficiencia e produtividade no mundo laboral.

OCUPACIÓN E EMPREGO

Definición na EPA de Poboación ocupada: *“Persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:*

- *traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie*
- *con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas . Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa”.*

Taxa de ocupación: “Porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos”.

A ocupación das mulleres é inferior á dos homes en 15.700 persoas e a brecha nas taxas de emprego é de 5,8 puntos

Poboación ocupada Ano 2025

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación ocupada	1.170.500	593.100	577.400	-15.700
Taxa de emprego	49,1	52,1	46,3	-5,8

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2025 Poboación ocupada

Hai segundo os datos da EPA en Galicia un total de 577.400 mulleres ocupadas fronte a 593.100 homes, é dicir son 15.700 mulleres ocupadas menos que homes. De cada cen persoas ocupadas, menos da metade, o 49,3%, son mulleres.

Se temos en conta a Poboación de 16 e máis anos, hai 1.138.280 homes e 1.247.000 mulleres, é dicir, o 52,3% do total son mulleres. As mulleres somos máis pero en relación ao emprego temos menos oportunidades.

En Galicia a taxa de emprego dos homes é do 52,1% e a das mulleres do 46,3%, cunha brecha entre ambas taxas de 5,8 puntos.

A SEGREGACIÓN OCUPACIONAL

A segregación ocupacional horizontal e vertical segue a caracterizar o emprego das mulleres


A forte segregación ocupacional por sexos é unhas das características do mercado de traballo. En Galicia, segundo os últimos datos da EPA, 488.800 mulleres atópanse ocupadas no sector Servizos, o que implica o 58,7% do total de ocupación no sector. En Agricultura, gandería, caza e silvicultura tamén é relevante, o 39% do total. Na Industria a porcentaxe é menor, o 29,7%, tamén na Pesca e acuicultura co 22% do total e con menor intensidade na Construción co 10,3% do total.

Poboación ocupada por sexo e sector económico Ano 2025


	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total	% Homes s/ Total Homes	% Mulleres/ Total Mulleres
Total	1.170.500	593.100	577.400	49,3%	100,0%	100,0%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	52.100	31.800	20.300	39,0%	5,4%	3,5%
Pesca e acuicultura	14.100	11.100	3.100	22,0%	1,9%	0,5%
Industria	192.300	135.000	57.200	29,7%	22,8%	9,9%
Construción	78.600	70.500	8.100	10,3%	11,9%	1,4%
Servizos	833.400	344.600	488.800	58,7%	58,1%	84,7%

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2025 Poboación ocupada

Distribución % ocupación por sectores de actividade económica Homes



Distribución % ocupación por sectores de actividade económica. Mulleres



O sector servizos en Galicia agrupa a case as tres cuartas partes da ocupación (o 71,2% do total).

O número de mulleres ocupadas nese sector supera ao dos homes en preto de 144.200 mulleres.

En Galicia o 84,7% das mulleres ocupadas concéntranse no sector Servizos. A súa presenza é máis baixa no resto dos sectores: un 9,9% na Industria e un 3,5% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, e incluso menor na Construción, o 1,4%, e na Pesca e acuicultura, o 0,5%.

En Galicia, o 35,3 % da ocupación no sector primario corresponde a mulleres. Neste sector cómpre distinguir dúas ramas de actividade. Por unha banda, Agricultura, gandería, caza e silvicultura presenta un forte peso feminino, cun 39 % do total da ocupación, 20.300 mulleres e 31.800 homes (representa o 3,5 % do total da ocupación feminina). Pola outra banda, na Pesca e acuicultura o 22 % son mulleres (é relevante o papel da muller no marisqueo), pero no conxunto das mulleres apenas representa o 0,5 % do total da ocupación feminina.

En Galicia, no sector industrial hai 192.300 persoas ocupadas. As mulleres representan o 29,7% delas, apenas 57.200, o que resulta negativo, xa que este é un dos sectores máis valorados e mellor retribuídos. En termos proporcionais, as mulleres supoñen pouco máis dunha cuarta parte da ocupación industrial, fronte a 135.000 homes.


No sector da Construción o emprego feminino é moi baixo, o 6,7% do total de poboación ocupada. Son 8.100 mulleres dun total de 78.600 persoas ocupadas. Dentro do emprego feminino o sector da Construción dá emprego apenas ao 1,4% das mulleres ocupadas.

Poboación ocupada por sexo e ramas de actividade. IV trimestre 2025

Total	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total	1.186.900	596.900	590.000	49,7%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (códigos CNAE-09: 01, 02 e 03), (códigos CNAE-93: 01, 02 e 05)	66.800	44.500	22.300	33,4%
Industria de la alimentación, téxtil, coiro, madeira e papel (códigos CNAE-09: do 10 ao 18), (códigos CNAE-93 do 15 ao 22)	68.100	36.700	31.400	46,1%
Industrias extractivas, refino de petróleo, industria química, farmacéutica, industria da cortiza e materias plásticas, subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, subministro de auga, xestión de residuos. Metalurxia (códigos CNAE-09: do 05 ao 09, do 19 ao 25, 35 e do 36 ao 39), (códigos CNAE-93: do 10 ao 14, do 23 ao 28, 40 e 41)	67.700	51.900	15.800	23,3%
Construción de maquinaria, equipo eléctrico e material de transporte. Instalación e reparación industrial (códigos CNAE-09 do 26 ao 33), (códigos CNAE-93 do 29 ao 37)	52.700	43.600	9.100	17,3%
Construción (códigos CNAE-09: do 41 ao 43), (código CNAE-93: 45)	83.700	75.800	7.900	9,4%
Comercio por xunto e polo miúdo e as súas instalacións e reparacións. Reparación de automóviles, hostalaría (códigos CNAE-09: do 45 ao 47, 55 e 56), (códigos CNAE-93: 50, 51, 52 e 55)	251.900	113.200	138.700	55,1%
Transporte e almacenamento. Información e comunicacións (códigos CNAE-09 do 49 ao 53 e do 58 ao 63), (códigos CNAE-93 do 60 ao 64)	89.500	68.000	21.500	24,0%
Intermediación financeira, seguros, actividades inmobiliarias, servicios profesionais, científicos, administrativos e outros (códigos CNAE-09: do 64 ao 66, 68, do 69 ao 75 e do 77 ao 82), (códigos CNAE-93 do 65 ao 67 e do 70 ao 74)	137.800	55.700	82.100	59,6%
Administración Pública, educación e actividades sanitarias (códigos CNAE-09: 84, 85 e do 86 ao 88), (códigos CNAE-93: 75, 80 e 85)	291.300	87.000	204.300	70,1%
Outros servizos (códigos CNAE-09: do 90 ao 93, do 94 ao 96, 97 e 99), (códigos CNAE-93: do 90 ao 93, 95 e 99)	77.400	20.600	56.800	73,4%


Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir de Microdatos EPA INE Datos IV Trimestre 2025 Poboación ocupada

IV trimestre 2025. Ramas de actividade Presenza % mulleres sobre total mulleres ocupadas



Fonte: Elaboración propia a partir de Microdatos IV trimestre EPA-INE

IV trimestre 2025. Ramas de actividade Presenza % mulleres sobre total ocupación (ambos sexos)



Fonte: Elaboración propia a partir de Microdatos IV trimestre EPA-INE

Nos 10 grupos ocupacionais da **CNO-2011** (Clasificación Nacional de Ocupacións) a muller tan só ten unha presenza maioritaria en catro deles, con porcentaxes próximas ao 60-70%. Ponse de manifesto tamén a segregación vertical, xa que só 34,8% dos postos de “Dirección e xerencia” son ocupados por mulleres (só o 2,1% das mulleres ocupadas atópanse nesta ocupación).

Poboación ocupada por sexo e ocupación principal (CNO-2011). Ano 2025.

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza M/H	% Mulleres s/ total	% Mulleres s/ total mulleres
Total	1.170.500	593.100	577.400	-15.700	49,3%	100,0%
1 Directores e xerentes	34.700	22.600	12.100	-10.500	34,8%	2,1%
2 Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	214.700	81.300	133.500	52.200	62,2%	23,1%
3 Técnicos; profesionais de apoio	147.700	83.100	64.600	-18.500	43,7%	11,2%
4 Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	98.900	27.000	71.900	44.900	72,7%	12,4%
5 Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	259.400	84.000	175.500	91.500	67,6%	30,4%
6 Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	48.500	27.700	20.800	-6.900	42,8%	3,6%
7 Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	155.000	140.100	14.900	-125.200	9,6%	2,6%
8 Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	94.400	77.600	16.800	-60.800	17,7%	2,9%
9 Ocupacións elementais	114.100	47.000	67.100	20.100	58,8%	11,6%
0 Ocupacións militares	3.200	2.700	500	-2.200	15,6%	0,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.N.E.

(*) 9 Ocupacións elementais

- 91 Empregados domésticos
- 92 Outro persoal de limpeza
- 93 Axudantes de preparación de alimentos
- 94 Recolletores de residuos urbanos, vendedores na rúa e outras ocupacións elementais en servizos
- 95 Peóns agrarios, forestais e da pesca
- 96 Peóns da construción e da minaría
- 97 Peóns das industrias manufactureiras
- 98 Peóns do transporte, descargadores e repositores

As ocupacións con maioritario predominio das mulleres son:

Na ocupación 4 – Persoal empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina hai 71.900 mulleres e 27.000 homes. As mulleres representan o 72,7 % do total desta ocupación e supoñen o 12,4 % do total do emprego feminino.

O 30,4 % das mulleres ocupadas están na ocupación 5 – Traballadoras e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores. As mulleres representan o 67,6 % do total desta ocupación, con 175.500 mulleres fronte a 84.000 homes.

Na ocupación 2 – Persoal técnico e profesional científico e intelectual hai 133.500 mulleres e 81.300 homes. As mulleres representan o 62,2 % do total desta ocupación e constitúen o 23,1% do total do emprego feminino.

Na ocupación 9 – Ocupacións elementais hai 67.100 mulleres e 47.000 homes; é dicir, as mulleres representan o 58,8 % do total desta ocupación e constitúen o 11,6 % do total do emprego feminino.

Nas restantes seis ocupacións son maioría os homes, representando as mulleres desde o 43,7 % na ocupación 3 – Persoal técnico e profesional de apoio, o 42,8 % no grupo 6 – Traballadoras e traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, o 34,8 % tamén na ocupación 1 – Dirección e xerencia (12.100 mulleres e 22.600 homes) e na 8 – Persoal operador de instalacións e maquinaria e persoal montador, onde o peso da ocupación feminina é do 17,7%.

A presenza das mulleres é moi reducida na ocupación 0 – Ocupacións militares, 500 mulleres e 2.700 homes, o 15,6 % do total e na 7 – Artesás e artesáns e persoal traballador cualificado das industrias manufactureiras e da construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria) con 14.900 mulleres fronte a 140.100 homes, tan só o 9,6 % do total.

Estes datos poñen de manifesto a segregación ocupacional do mercado laboral galego. Tan só o 2,1 % da poboación ocupada feminina (o 3,8 % nos homes) está en postos de 1 – Dirección e xerencia, polo que se constata que o chamado “teito de cristal” segue estando moi presente para as mulleres na súa participación no mercado de traballo.

As mulleres tan só representan o 33,29% nos órganos de dirección das empresas do IBEX35. Pero se o comparamos co dato de hai doce anos as políticas de igualdade foron efectivas, no ano 2013 era só o 12,44%

ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DAS EMPRESAS DO IBEX 35

		2025		2024		2013	
		2025-B2	2025-B1	2024-B2	2024-B1	2013-B2	2013-B1
% Mulleres	TOTAL	33,29%	32,30%	32,29%	31,69%	12,44%	12,16%
	CEO	6,06%	3,03%	3,03%	3,03%	3,00%	3,00%
	Postos executivos	23,51%	21,95%	21,80%	20,66%	9,10%	9,50%
	Postos non executivos	46,36%	46,09%	46,22%	46,15%	16,9%	15,7%
Ambos Sexos	TOTAL	808	805	802	789	836	814
	CEO	33	33	33	33	33	33
	Postos executivos	404	401	399	392	419	399
	Postos non executivos	371	371	370	364	384	382
Mulleres	TOTAL	269	260	259	250	104	99
	CEO	2	1	1	1	1	1
	Postos executivos	95	88	87	81	38	38
	Postos non executivos	172	171	171	168	65	60
Homes	TOTAL	539	545	543	539	732	715
	CEO	31	32	32	32	32	32
	Postos executivos	309	313	312	311	381	361
	Postos non executivos	199	200	199	196	319	322

Instituto Europeo para la Igualdad de género (EIGE). Más información en:

<https://eige.europa.eu/gender-statistics/dgs>

Nota1: Datos semestrais

Fonte': Instituto de las Mujeres (IMs)

Se atendemos á participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35, formado polas empresas con maior liquidez que cotizan neste sistema en España, podemos observar como se segue a constatar a mínima presenza feminina nos postos de responsabilidade, xa que só representan o 33,29% do total de postos de dirección, outro indicador das grandes diferenzas existentes entre homes e mulleres no mercado laboral. En termos absolutos comprobamos un total de 269 mulleres fronte a 539 homes.

OCUPACIÓN SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL

Hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes cun 21,1% do total de homes ocupados fronte ao 15% no caso das mulleres ocupadas.

Distribución porcentual da ocupación por situación profesional. Galicia 2025

	Homes	Mulleres
Por conta propia	21,1%	15,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. INE. Instituto Nacional de Estadística.

OCUPACIÓN SEGUNDO TIPO DE SECTOR

As mulleres seguen a ter maior presenza no sector público que os homes e menor presenza no sector privado.

Poboación asalariada segundo sector público/privado. 2025

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Poboación asalariada	958.800	468.200	490.600	51,2%
Poboación asalariada do sector público	201.600	77.600	124.000	61,5%
Poboación asalariada do sector privado	757.200	390.700	366.500	48,4%
% sector público	21,0%	16,6%	25,3%	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. INE. Instituto Nacional de Estadística.


No emprego público conséctase a maior presenza da poboación asalariada feminina fronte á masculina (61,5% do total da ocupación é feminina). Ao contrario, no sector privado segue predominando o emprego masculino cun 51,6% do total de ocupación no sector privado.

O sector público representa o 21% do total de asalariados. As mulleres asalariadas do sector público no total de mulleres asalariadas constitúen unha parte maior (25,3%) que no caso dos homes (16,6%).

FORMACIÓN E OCUPACIÓN

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos. No caso da educación superior é onde non hai diferencial; nos restantes niveis formativos segue habendo menores taxas de ocupación entre as mulleres en comparación cos homes.

Taxa de ocupación por nivel de formación alcanzado e sexo (CNED-2014). 2025



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA INE

A igual formación alcanzada, os homes teñen maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos, salvo no caso da educación superior, onde son similares. Compróbase que a maior nivel educativo, maior é a empregabilidade no mercado laboral. A formación é a principal ferramenta para lograr a inclusión da muller no mercado laboral.

Segundo a poboación ocupada por nivel de formación alcanzado obsérvase maior número de mulleres con Estudos superiores que homes, 312.600 e 244.000, respectivamente. No resto de niveis formativos, salvo no de Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral no que é similar o número de homes e mulleres, o número de homes é superior ao de mulleres.

Poboación ocupada por nivel de formación alcanzado e sexos. Ano 2025

	Homes	Mulleres
Total	593.100	577.400
Analfabetos	800	0
Estudios primarios incompletos	3.000	1.300
Educación primaria	15.400	10.600
Primeira etapa de Educación Secundaria y similar	175.300	116.400
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	72.200	72.300
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inclúe educación postsecundaria no superior)	82.400	64.400
Educación superior	244.000	312.600

Fonte: Elaboración propia a partir datos EPA 2025. INE

A REFORMA LABORAL RACHA CA INESTABILIDADE NO EMPREGO

A reforma laboral do ano 2022 transforma o mercado laboral cara a estabilidade no emprego, nun e outro sexo. Das 958.800 persoas asalariadas no ano 2025, 132.600, o 13,8% teñen contratos temporais. No caso das mulleres a porcentaxe achégase a 16,7%, sendo moito menor a taxa no caso masculino, o 10,9%. De toda a poboación asalariada con contrato temporal o 61,6% son mulleres (49,5% no caso da poboación asalariada con contrato indefinido)

Poboación asalariada segundo o tipo de contrato e sexo. Galicia

	Total			Contrato temporal			Taxa de temporalidade		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012	810.100	417.000	393.200	185.700	85.400	100.300	22,9	20,5	25,5
2013	775.300	392.600	382.700	176.700	84.400	92.300	22,8	21,5	24,1
2014	779.500	391.600	387.900	182.900	90.800	92.100	23,5	23,2	23,7
2015	800.200	406.000	394.300	203.500	97.900	105.600	25,4	24,1	26,8
2016	817.900	416.600	401.300	214.400	101.200	113.200	26,2	24,3	28,2
2017	827.300	418.500	408.800	223.300	105.800	117.500	27,0	25,3	28,7
2018	862.400	435.900	426.500	229.000	111.600	117.400	26,6	25,6	27,5
2019	878.300	444.900	433.400	232.500	111.800	120.700	26,5	25,1	27,8
2020	868.600	446.800	421.800	208.700	99.100	109.600	24,0	22,2	26,0
2021	877.700	448.000	429.700	214.400	99.500	114.900	24,4	22,2	26,7
2022	896.500	452.900	443.600	174.100	75.300	98.800	19,4	16,6	22,3
2023	918.500	459.100	459.300	153.200	62.700	90.500	16,7	13,7	19,7
2024	934.800	468.900	465.900	149.000	59.100	89.900	15,9	12,6	19,3
2025	958.800	468.200	490.600	132.600	51.000	81.700	13,8	10,9	16,7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. INE. Instituto Nacional de Estadística.

Tendo en conta os datos de poboación asalariada por sexo e tipo de contrato ou relación laboral do 4º trimestre do ano 2025 constátase que as mulleres son maioritarias no tipo de contrato: Temporal que cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador (81,6 %), Temporal estacional ou de tempada (70,2%), Temporal verbal non incluído en opcións anteriores (67,8 %), moi habitual no Emprego do fogar, Temporal outro tipo (66,6%), Indefinido discontinuo (56,5%) e Temporal por circunstancias da produción (52,6%)

Pero os contratos maioritarios para as mulleres son: o Indefinido permanente ao longo do tempo e Temporal cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador. No caso dos homes o maioritario e o Indefinido permanente e en segundo lugar o Temporal circunstancias da produción. Pero no caso dos homes o indefinido permanente ao longo do tempo con maior porcentaxe que nas mulleres, 87% e 81,2%, respectivamente.

Poboación asalariada por sexo e tipo de contrato ou relación laboral. EPA IV trimestre 2025

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total	975.300	471.600	503.800	51,7
De duración indefinida: permanente ao longo do tempo	819.400	410.100	409.300	50,0
De duración indefinida: descontinuo	29.900	13.100	16.900	56,5
Temporal: Non sabe	11.300	6.200	5.000	44,6
Temporal: Por circunstancias da produción	31.500	14.900	16.600	52,6
Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica	7.200	4.000	3.200	44,3
Temporal: Estacional ou de temporada	1.900	600	1.300	70,2
Temporal: Cobre un período de proba	3.500	2.400	1.100	32,3
Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador	49.300	9.100	40.300	81,6
Temporal: Para obra ou servizo determinado	14.700	9.100	5.600	38,3
Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores	2.500	800	1.700	67,8
Temporal: Outro tipo	4.100	1.400	2.700	66,6

Fonte: Elaboración propia a partir datos INE EPA IV trimestre 2025

A derogación da reforma laboral do PP en 2022 amosou un cambio radical na porcentaxe de contratación indefinida. Así, a contratación indefinida pasou dunha porcentaxe do 9,8% de media anual do ano 2021 ao 30,6% en 2025

Nas mulleres, aínda que con menor intensidade coma sempre, mellora moito tamén o peso da contratación indefinida.

Contratación rexistrada no SEPE

	Total	% indefinidos*	Homes	% indefinidos*	Mulleres	% indefinidos*
2021	918.214	9,8	481.070	10,3	437.144	9,3
2022	845.243	32,0	431.136	32,9	414.107	31,1
2023	724.405	32,5	372.589	33,8	351.434	31,1
2024	723.577	31,4	375.051	32,6	348.526	30,0
2025	735.687	30,6	376.160	32,3	359.527	28,9


* Incluídas conversións en indefinidos

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Contratos

OCUPACIÓN SEGUNDO XORNADA

O emprego a tempo parcial segue sendo para as mulleres. Os datos do ano 2025 poñen de manifesto a brecha existente entre homes e mulleres no emprego a tempo parcial.

Poboación asalariada por tipo de xornada. Galicia. Ano 2025. EPA.



Os homes ocupados con xornada completa son 552.600 fronte a 459.300 mulleres. A diferenza é que hai 93.300 homes máis que mulleres que teñen un contrato a tempo completo. En cambio, cando falamos de tempo parcial hai 118.200 mulleres fronte a 40.500 homes. Hai 77.700 mulleres máis que homes con xornada a tempo parcial. Do total de poboación ocupada a tempo parcial a porcentaxe de mulleres ocupadas acada o 74,5% fronte ao 25,5% restante de homes.

No caso da ocupación feminina, o 20,5% é a tempo parcial, moito menor no caso masculino, o 6,8%. Así pois, a brecha de xénero na ocupación a tempo parcial é de 13,6 puntos.

Distribución porcentual poboación ocupada por tipo de xornada e sexo

	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial
	1.170.500	1.011.900	158.700	593.100	552.600	40.500	577.400	459.300	118.200
% s/ Total cada sexo		86,5%	13,6%		93, 2%	6,8%		79,5%	20,5%
% s/ Total ambos sexos				50,7%	54,6%	25,5%	49,3%	45,4%	74,5%

Fonte EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

DESEMPREGO

Definición na EPA de Poboación parada *“Persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Son parados tamén os que atoparon un traballo e están a esperar incorporarse, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.*

No ano 2025 houbo 55.200 mulleres paradas fronte a 51.500 homes. Hai, polo tanto, 3.700 mulleres máis en situación de paro. A taxa de paro para ambos sexos foi do 8,3%, pero continúa sendo máis alta nas mulleres que nos homes, 8,7% e 8,0%, respectivamente. A brecha entre mulleres e homes é de sete décimas no diferencial das taxas de paro."

Definición na EPA de Taxa de paro: *“Porcentaxe de poboación parada sobre o total de poboación activa.*

Taxa de paro 2025

Total	Homes	Mulleres
8,3	8,0	8,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A crise do 2008, ocultou, ao afectar a sectores maioritariamente masculinos, a persistente situación de desvantaxe das mulleres no ámbito do desemprego.

A taxa de paro en 2013, ano a partir do cal comezou a recuperación económica, situábase no 22,3 % nos homes e no 21,7 % nas mulleres. En 2019, estas cifras baixaron ao 10,7 % nos homes e ao 12,8 % nas mulleres, é dicir, mentres que o paro masculino diminúe 11,6 puntos, o feminino descende só 8,9 puntos. Isto evidencia que a recuperación económica non beneficiou por igual a ambos sexos.

Se analizamos a evolución da brecha de xénero nas taxas de paro desde 2013, ano considerado o inicio da recuperación económica e interrompido pola pandemia da COVID-19, obsérvanse incrementos progresivos: o diferencial, que en 2013 era de 0,6 puntos a favor das mulleres, chega en 2019 a 2,1 puntos, con maior taxa de desemprego feminina.

Durante a pandemia, en 2020, a brecha alcanzou o seu máximo, o 2,3%. En 2021, apenas houbo mellora, mantendo a ruptura da tendencia á baixa no paro; tanto homes como mulleres viron crecer as súas taxas, pero máis acusadamente nas mulleres, mantendo a brecha en 2,2 puntos.


No 2022 comezou a recuperación, con contracción das taxas de paro en ambos sexos e unha redución da brecha, situada en 1,9 puntos. Para 2023, a recuperación consolidouse, e en 2024 a diferenza no desemprego era de 1,2 puntos. Finalmente, en 2025 a brecha alcanzou o seu nivel máis baixo, de tan só 0,7 puntos.

TAXA DE PARO

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Homes	20,8	22,3	21,6	18,7	16,5	15	12,4	10,7	10,9	10,6	10,1	8,9	8,8	8,0
Mulleres	20,2	21,7	21,7	20	17,8	16,4	14,4	12,8	13,2	12,8	12	10,6	10	8,7
Brecha desemprego	-0,6	-0,6	0,1	1,3	1,3	1,4	2	2,1	2,3	2,2	1,9	1,7	1,2	0,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

EVOLUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO NAS TAXAS DE PARO



No ano 2025 (media anual) hai un maior número de mulleres desempregadas que perciben prestación por desemprego en comparación cos homes: 46.383 mulleres fronte a 35.464 homes. Non obstante, se analizamos a taxa de cobertura, as mulleres saen desfavorecidas, cun 77,5%, fronte ao 82% dos homes.

Persoas beneficiarias de prestacións por desemprego Media anual 2025

	Total	Prestación Contributiva	Subsidio por Desemprego	Renda Activa de inserción	Taxa de cobertura
TOTAL	81.857	39.338	41.273	1.246	79,4%
Homes	35.464	17.739	17.275	451	82,0%
Mulleres	46.393	21.599	23.998	795	77,5%

Fonte: SEPE

A taxa de cobertura das prestacións por desemprego calcúlase de acordo á seguinte fórmula:

Total beneficiarios das prestacións por desemprego

Paro rexistrado SISPE con experiencia laboral* + Beneficiarios de Subsidio Agrario

* Paro rexistrado SISPE con experiencia laboral= Total paro rexistrado SISPE – Paro rexistrado SISPE sen emprego anterior

INACTIVIDADE

Definición na EPA de persoas inactivas “Comprende a todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas.”

Sen ter en conta ás persoas retiradas, xubiladas e pensionistas a maior parte das mulleres inactivas o son por dedicarse a labores da casa. As mulleres son o 55,4 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por clase de inactividade “Labores da casa” un 85%

Poboación inactiva por clase principal de inactividade, sexo Media anual 2025

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total
Total	1.108.100	493.800	614.400	55,4%
Estudiante	174.600	83.700	90.900	52,0%
Xubilados	557.900	305.900	252.000	45,2%
Labores do fogar	158.700	23.900	134.900	85,0%
Incapacitado permanente	68.300	40.200	28.100	41,2%
Percibindo unha pensión distinta da de xubilación	123.500	24.900	98.700	79,9%
Outra	25.200	15.300	9.900	39,3%

Fonte: Elaboración propia UGT – Galicia a partir de datos INE. Enquisa de poboación activa

Hai 493.800 homes inactivos fronte a 614.400 mulleres inactivas, hai 120.700 mulleres inactivas máis que homes e hai diferentes motivos de inactividades para eles e elas.

A principal causa de inactividade en ambos sexos é estar “Xubilados”. Como segunda causa nas mulleres destacan as “Labores da casa”, ou sexa, coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración, un traballo duro e invisibilizado. Mentres que nos homes a segunda causa é “Estudantes”, ou sexa, poder mellorar no emprego, promocionar, etc. Sendo a de “Labores da casa” relegada ao penúltimo último lugar.

Estes datos poñen en evidencia a enorme desigualdade que segue existindo entre mulleres e homes na asunción do coidado do fogar e a familia e a negativa repercusión que ten para as mulleres na súa participación no mundo laboral e na súa vida persoal e económica. A asunción das responsabilidades familiares segue a ser das mulleres, está clara a maior propensión a facer da muller a coidadora.

Os datos poñen de manifesto que mantense o déficit na corresponsabilidade entre homes e mulleres.

COIDADOS FAMILIARES E CORRESPONSABILIDADE

A asunción das tarefas de coidados familiares por parte dos homes aumenta nos permisos retribuídos mentres que os permisos non retribuídos son maioritariamente femininos.

Cadro resumen prestacións por nacemento e coidado de menor

	Total prestacións	1ª persoa proxenitora	% sobre total prestacións	2ª persoa proxenitora	% sobre total prestacións
2020	22.458	11.341	50,5	11.117	49,5
2021	21.963	10.844	49,4	11.119	50,6
2022	21.518	10.634	49,4	10.884	50,6
2023	21.118	10.369	49,1	10.749	50,9
2024	20.238	9.956	49,2	10.282	50,8
2025	22.484	11.022	49,02	11.462	51,0

Fonte: Elaboración UGT a partir de datos Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións. Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións

As persoas que teñen un contrato a tempo parcial por ter que Coidar de menores ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, ou por ter que atender Outras responsabilidades familiares maioritariamente son mulleres.

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo IV trimestre 2025

	Homes	%s/ homes	Mulleres	%s/ mulleres	% Mulleres
Total	39.800	100,0%	123.900	100, 0%	75,7%
Seguir cursos de ensinanza ou formación	4.700	11,8%	8.600	6,9v	64,5%
Enfermidade ou incapacidade propia	600	1,6%	3.700	3,0%	85,3%
Responsabilidades de coidado de fillos ou outros familiares	1.900	4,8%	19.900	16,1%	91,3%
Outras razóns familiares ou persoais	3.600	9,0%	10.200	8,2%	73,9%
Non poder atopar un traballo de xornada completa	18.300	46,0%		42,0%	74,0%
No querer un traballo de xornada completa	5.500	13,8%	16.300	13,2%	74,8%
Outras razóns	5.000	12,6%	12.200	9,8%	70,9%
Descoñece o motivo	200	0,4%	1.000	0,8%	85,0%

FONTE: Elaboración propia a partir Microdatos EPA IV trimestre 2025 INE. Enquisa de poboación activa

Se atendemos ás razóns polas que as persoas responden que din que teñen un contrato a tempo parcial en lugar dun a tempo completo, séguese a constatar como a que segue a atender as responsabilidades familiares, con moita diferenza, é a muller.

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por “Responsabilidades de coidado de fillos ou outros familiares”, un 91,3% son mulleres. Das que responden á atención a “Outras razóns familiares ou persoais”, o 73,9% son mulleres. Isto pon de manifesto que segue a ser moi limitado o reparto destas tarefas.

Cas cifras desmóntase o argumento de que as mulleres usan o tempo parcial para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, xa que maioritariamente nas mulleres prevalece o motivo de “Non poder atopar unha xornada a tempo completo”, porque o mercado laboral non llo proporciona. Neste motivo hai 52.000 mulleres, o 74% de ambos sexos e o 42% do total das mulleres.

As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total) .

Reducións de xornada Galicia. 2017

	Número	Porcentaxe s/ ambos sexos
Homes	9.320	23,6%
Mulleres	30.150	76,4%

Fonte: Enquisa Estrutural a fogares - IGE

No ano 2017, último dato dispoñible da Enquisa estrutural a fogares do IGE, 39.470 traballadores e traballadoras galegas con menores de 0 a 12 anos reduciron a súa xornada de traballo para poder atendelos. Segundo o sexo, as solicitudes foron maioritariamente femininas, o 76,4% do total.

As excedencias por coidado familiar seguen a ser solicitadas maioritariamente, nun 80,5% dos casos, polas mulleres

Excedencias por coidado familiar dadas de alta. Galicia

	2012	%	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%	2019	%
Total	657	100	665	100	699	100	846	100	1.104	100	1.210	100	1.372	100,0	1.509	100,0
Mulleres	605	92,08	611	91,88	630	90,13	751	88,8	984	89,1	1.078	89,1	1.191	86,8	1.330	88,1
Homes	52	7,91	54	8,12	69	9,87	95	11,2	120	10,9	132	10,9	181	13,2	179	11,9

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

	2020	%	2021	%	2022	%	2023	%	2024	%	2025	%
Total	1.580	100,0	1.337	100,0	1.212	100,0	1.299	100,0	1.612	100,0	1.597	100,0
Mulleres	1.353	85,6	995	74,4	827	68,2	1.607	80,8	1.363	84,6	1.285	80,5
Homes	227	14,4	342	25,6	385	31,8	308	19,2	249	15,4	312	19,5

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

No Estado a porcentaxe de excedencias solicitadas por homes subira notablemente dende o 12,8% de 2020 ao 29,8% de 2022 pero no 2023 xa volveira a valores do 16% e en 2024 do 15,6% e no 2025 do 16,9%

En Galicia subira en 2022 até o 31,8% pero xa volve a valores anteriores á pandemia, ao 15,4% no 2024 pero cun claro repunte das excedencias por homes acadando o 19,5% en 2025. Aínda así, é innegable, a muller é quen máis solicita excedencias.

Outro dato que indica quen está a sobrelevar as deficiencias do Sistema de autonomía e atención á dependencia é que das 137.513 persoas coidadoras de persoas con dependencia, 90.205 son mulleres, 65,6 de cada cen.

Persoas coidadoras de persoas con dependencia por sexo

	2023
Home	47.308
Muller	90.205
Total	137.513

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares


Os datos confirman como son as mulleres as que asumen o coidado de familiares maioritariamente. Ante esta situación, unha vez máis insistimos na necesidade de contar con permisos retribuídos para o coidado familiar, de carácter individual e intransferibles, para evitar o abandono temporal do emprego ou a renuncia involuntaria a unha promoción profesional por parte das mulleres, por dedicarse ao coidado de familiares, xa sexan fillos ou fillas, ascendentes ou outros familiares.

BRECHA SALARIAL

A mellora do SMI fai que a brecha salarial mellorara considerablemente dende 2020.

Aínda así, persiste, como consecuencia das desigualdades corroboradas na análise das variables do mercado laboral, a brecha retributiva entre mulleres e homes en Galicia, é do 15,7% conforme aos últimos datos cos que contamos de 2023. A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia neste ano foi de 4.326,07 €.

Evolución brecha salarial Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2023. INE.

A brecha salarial en Galicia sitúase no 15,7% de media anual. A brecha así calculada, ten en conta as retribucións medias anuais de mulleres e homes, o número de horas traballadas e a duración do contrato.

Evolución Brecha Salarial en Galicia

	Mulleres	Homes	Dif M/H	%M/H
2004	12.713,83	17.260,69	-4.546,86	26,3
2005	13.342,46	17.974,15	-4.631,69	25,8
2006	14.243,82	19.021,50	-4.777,68	25,1
2007	15.007,78	19.511,30	-4.503,52	23,1
2008	16.646,42	21.105,60	-4.459,18	21,1
2009	17.342,32	21.829,80	-4.487,48	20,6
2010	17.691,11	22.626,21	- 4.935,1	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	- 5.089,89	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	- 5.332,54	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	- 5.264,34	23,4
2014	17.797,03	22.505,05	- 4.708,02	20,9
2015	18.093,26	23.189,76	- 5.026,5	22,0
2016	18.294,47	23.774,21	- 5.479,74	23,0
2017	18.833,53	24.321,64	-5.488,11	22,6
2018	19.543,17	24.826,91	-5.283,74	21,3
2019	19.818,26	24.542,83	-4.724,57	19,3
2020	20.446,53	25.276,16	-4.829,63	19,1
2021	20.904,37	25.794,19	-4.889,82	19,0
2022	21.912,75	26.626,89	-4.714,14	17,7
2023	23.153,78	27.479,85	-4.326,07	15,7

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial. INE.

ACOSO SEXUAL E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

Todas as traballadoras son susceptibles de sufrir acoso sexual e acoso por razón de sexo, pero as máis expostas son as mulleres con peores condicións laborais. Factores de risco como a precariedade ou a realización do traballo en condicións de illamento son determinantes cando se analizan os perfís das vítimas.

Segundo o Informe anual da Inspección de Traballo e Seguridade Social de 2024, no Estado realizáronse 1.327 actuacións con 92 infraccións por acoso sexual e protocolo de acoso sexual.

RESUMO E CONCLUSIÓNS

- ~ Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa do ano 2025 (media anual) do Instituto Galego de Estatística a poboación activa feminina é inferior á masculina en 12.000 persoas.
- ~ A taxa de actividade feminina sitúase a 5,9 puntos por debaixo da masculina. Ademais, as mulleres galegas estamos 3,7 puntos por debaixo da taxa de actividade feminina media estatal e estamos entre as catro comunidades con menores taxas.
- ~ As mulleres son o 55,4 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por clase de inactividade “Labores do fogar” un 85%.
- ~ Destaca o elevado número de mulleres dentro de persoas inactivas por labores da casa. 135.000 mulleres que se dedican a coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración.
- ~ Hai 593.100 homes (taxa de emprego masculino de 52,1%) fronte a 577.400 mulleres ocupadas (taxa de emprego feminino do 46,3%) o que supón 15.700 mulleres ocupadas menos que homes. A brecha de xénero na ocupación é de 5,8 puntos.
- ~ A segregación no mercado de traballo é outra das constantes do emprego das mulleres. O 84,7% das mulleres ocupadas traballa no sector Servizos (58,1% no caso dos homes). Só un 9,9% na Industria (22,8% no caso dos homes), 3,5% na Agricultura, gandería, caza e silvicultura (5,4% nos homes), 1,7% na Construción (11,9% nos homes) e 0,5% na Pesca e Acuicultura (1,9% nos homes).
- ~ Só en catro das dez principais ocupacións o peso da ocupación feminina é superior á masculina. Polo contrario, a presenza das mulleres é moi reducida nas Ocupación militares e na de Artesáns e artesás e traballadoras e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria)

- ~ A temporalidade e o menor número de mulleres con contratos indefinidos indican a maior precariedade das mulleres e a dificultade que teñen para manter o emprego.
- ~ As mulleres seguen sendo un ano máis as que de forma maioritaria ocupan os empregos a tempo parcial, 118.200 mulleres (o 74,5% do total) fronte a 40.500 homes están ocupadas a tempo parcial. Na ocupación a tempo completo a situación invertece, os homes ocupados a tempo completo son 552.600 (o 54,6% do total) fronte a 459.300 mulleres (o 45,4%), existindo unha diferenza de 93.300 mulleres ocupadas con xornada a tempo completo menos.
- ~ A taxa de paro feminino é de 8,7% fronte a 8,0% de taxa de paro masculino. Un feito positivo é a converxencia entre taxas de paro de homes e mulleres. A brecha de xénero nas taxas da paro cae nos últimos anos, situándose actualmente a diferenza en 0,7 puntos.
- ~ A falta de voluntariedade caracteriza o emprego a tempo parcial. O 74% das persoas ocupadas a tempo parcial que declaran facelo por non atopar emprego a tempo completo son mulleres. Cando o motivo de traballar a tempo parcial é por ter que atender Outras responsabilidades familiares e persoas as mulleres representan o 74% do total e no motivo por Coidado de menores, persoas con discapacidade ou maiores, nada menos que o 91,3% son mulleres.
- ~ A asunción das tarefas de corresponsabilidade por parte dos homes aumenta nos permisos retribuídos mentres que naquelas formas de corresponsabilidade non retribuída é maioritariamente feminina (permiso de paternidade fronte a excedencias, reducións xornada por garda legal).
- ~ As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total).

- ~ As excedencias por coidado de familiar son case maioritariamente solicitadas polas mulleres, o 80,5%, 1.285 foron solicitadas no ano 2025 por mulleres, fronte a 312 por homes).
- ~ Froito destas e outras variables, a brecha retributiva entre mulleres e homes en Galicia é do 15,7% conforme aos últimos datos cos que contamos de 2023. A mellora do SMI fixo que esteamos ante unha das brechas máis baixas, aínda así inasumible. A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia neste ano foi de 4.326,07 euros.